

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A capela de San Paio de Xoibán

O santo que agora hai na capela de San Paio, Xoibán, Vilalba (Lugo) desaparecía da capela das Fontes de Gaibor, Begonte (Lugo), e aparecía no monte, no lugar que hoxe ten a capela, en Xoibán. Levábano de volta e volvía a aparecer no lugar ata que lle fixeron a capela e xa se quedou definitivamente.

A xente das Fontes sigue dicindo que lles roubaron o santo os de Xoibán, pero o padre Vicente, moi coñecido predicador cando as misións, dixo:

-Argumentos; eso son argumentos. No hay tal cosa.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Información de Santiago CASTRO, Igrexa, Xoibán, Vilalba (Lugo). 7 de maio de 1993.

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.